

A transmisión de galego e portugués en contexto migratorio entre estudantes da Universidade de Barcelona

Pere Comellas Casanova
Universitat de Barcelona
perecomellas@ub.edu

Resumo

O traballo pretende analizar a transmisión lingüística de galego e de portugués entre estudantes da Universidade de Barcelona con antecedentes familiares falantes destas linguas. A mostra toma como base un cuestionario distribuído entre os estudantes alóglotos da UB. Un total de 95 informantes manifestaron ter algún antecedente familiar falante de galego ou de portugués, aínda que as situacións varían considerablemente no que respecta á presenza das linguas estudadas no cotián e á identificación persoal con elas. O noso obxectivo foi identificar patróns de transmisión en dúas variedades lingüísticas moi próximas entre si como son galego e portugués e tamén coas linguas oficiais da sociedade de destino, neste caso as de Cataluña co catalán e o castelán. Interesábanos observar tanto o grao de preservación das linguas alóglotas coma, no caso de substitución lingüística, a lingua substituidora, especialmente no ítem de lingua de identificación dos suxeitos. O noso traballo presenta indicios que apuntan a unha relación entre quebra da transmisión e lingua minorizada no caso das linguas estudadas, mais esa quebra parece producirse en gran medida nas xeracións anteriores ás dos informantes.

Palabras clave: Transmisión lingüística interxeracional, galego, portugués, linguas e migracións

1. Migración e transmisión lingüísticas

Entre os factores que correlacionan coa interrupción da transmisión lingüística interxeracional en situacións de migración, a lingua é un dos máis relevantes (Houle 2011). É dicir, existen diferenzas moi considerables no grao de transmisión lingüística interxeracional entre migrantes segundo a lingua familiar. En xeral, a tendencia, como é sabido, continúa a ser a da interrupción e substitución nun máximo de tres xeracións a favor da lingua hexemónica local. A maioría dos estudos sobre esta cuestión proveñen de países anglófonos formados por aluvión migratorio, particularmente O Canadá, Os Estados Unidos ou Australia. En todos eles conséntase ese fenómeno de asimilación e perda da lingua de herdanza (Portes e Schauflier 1994 ou Portes e Hao 1998, por exemplo, para os hispanofalantes dos Estados Unidos), pero ao mesmo tempo o ritmo desa perda difire considerablemente en función de, entre outros factores, a lingua. No estudo comparativo da transmisión das linguas alóglotas no Canadá feito a partir dos censos de 1981 e 2006 (Houle 2011), por exemplo, as porcentaxes de transmisión (ou sexa, de menores de 18 anos nados no Canadá que declararon a mesma lingua inicial alóglota que seus pais) ían do 3% nos falantes de holandés ao 78% nos falantes de armenio en 1981, ou do 15% tamén no holandés ao 81% nos falantes de punjabi en 2006 (en xeral, o censo de 2006 indicaba unha maior conservación das linguas de herdanza).

No noso estudo sobre a transmisión entre adolescentes alóglotos en Cataluña (Comellas et al. 2017) non encontramos diferenzas estatisticamente significativas na transmisión polo que respecta á situación sociolingüística das linguas en cuestión, é dicir, non se daba maior transmisión en linguas con status oficial que en linguas minorizadas en orixe. A nosa hipótese non contrastada era que a situación sociolingüística dos territorios analizados (de ampla maioría social catalanófona) podía exercer algunha influencia no prestixio doutras linguas minorizadas a través do que noutro traballo chamábase «efecto espello» (Cortés-Colomé et al. 2016): a proxección do prestixio do catalán —lingua minorizada pero fortemente valorizada naquel contexto— nas súas linguas de orixe. Certamente tamén existen indicios que cuestionan claramente esa hipótese. Por exemplo, en Australia, Clyne (2003) observou gran variación na preservación incluso en ondas migratorias distintas da mesma orixe lingüística (o que tamén se verifica ata certo punto no citado estudo do Canadá entre os anos

1981 e 2006). Ao mesmo tempo, un estudo sobre as representacións lingüísticas da comunidade punjabifalante de Cataluña (Larrea 2016) puña de manifesto a grande inestabilidade nas proxeccións representacionais: algúns informantes certamente relacionaban catalán con punjabi e castelán con urdú (con valoracións paralelas para unha e outra situación) pero outros non o facían en absoluto, de xeito que o «efecto espello» non era sistemático nin previsible.

Nesa situación, o par lingüístico do galego e o portugués como linguas alóglotas pode ofrecer pistas interesantes, ao seren dúas variedades tan próximas que ao mesmo tempo representan situacións sociolingüísticas ben distintas: fronte ao status do portugués, lingua de estado e cunha demografía das maiores do mundo, o galego é, a pesar do seu recoñecemento como lingua cooficial en Galiza, unha lingua minorizada e en proceso de substitución. As diferenzas entre as dúas na transmisión en situación de migración poden ser, polo tanto, sintomáticas.

2. Os datos

Os datos nos que se basea o estudo obtivéronse mediante un cuestionario de preguntas semipechadas distribuído en 2015 a estudantes universitarios con antecedentes familiares lingüísticamente alóglotos, é dicir, que declarasen linguas familiares distintas do catalán e do castelán. Obtivéronse 783 cuestionarios válidos en total, dos que 95 contiñan referencias ao galego ou ao portugués.

As situacións dos informantes presentan unha considerable variación. Dos 93, 44 naceron en territorio lusófono, 13 en Galiza, 21 en Cataluña ou Andorra (espazos catalanofalantes) e os restantes 17 en distintos países do mundo (cinco en Europa, dez en América). Tamén a presenza do galego ou do portugués nos antecedentes familiares varía considerablemente: unha parte ten unha das linguas como inicial, mentres que en moitos casos quebrouse a transmisión, sexa na xeración anterior ou na dos avós. A táboa 1 presenta a lingua que os informantes declaran usar con pai e nai, separados segundo antecedentes galegos ou portugueses:

<i>Lingua declarada con pai e nai</i>			
<i>Antecedentes de lingua galega</i>		<i>Antecedentes de lingua portuguesa</i>	
Galego con pai e nai	3 (7,89%)	Portugués con pai e nai	33 (60,0%)
Galego con pai e nai e mais outras	6 (15,8%)	Portugués con pai e nai e mais outras	6 (10,9%)
Galego con pai ou con nai	8 (21,0%)	Portugués con pai ou con nai	9 (16,4%)
Non galego con ningún dos pais	21 (55,3%)	Non portugués con ningún dos pais	6 (10,9%)
Non contesta	0	Non contesta	1
Total	38	Total	55

Táboa 1: Lingua declarada con pai e nai

Vese axiña unha gran diferenza entre informantes con antecedentes galegos e portugueses: só un 11% destes últimos non falan portugués con ningún dos pais, mentres que entre o grupo de antecedentes galegos a porcentaxe é de 55,3%, máis da metade. A situación sociolingüística de orixe explica, polo menos parcialmente, esa enorme diferenza. Do lado galego, só tres informantes indican o galego como a lingua entre os pais. Do outro lado, un único informante con antecedentes galegos declara o catalán como lingua inicial única (véxase táboa 2), pero no seu caso é tamén a única lingua familiar (o galego quedou na xeración anterior). En resumo, neste grupo parece clara a tendencia a deixar atrás o galego, sexa polo feito de ser fillo de parellas mixtas, sexa porque os pais, a pesar de seren os dous de orixe galega, deciden non usar o galego na casa.

A situación do lado portugués é moi distinta. Para comezar, 34 dos 55 informantes declaran o portugués como única lingua inicial (un 61,8%, fronte ao único informante con antecedentes galegos). Deses 34, 24 declaran o portugués como única lingua familiar (lingua con pai e nai e lingua dos pais entre eles). Polo que o feito de ter pais lingüísticamente mixtos non significa necesariamente ter outra lingua inicial. Na táboa 2 podemos ver a lingua inicial declarada en cada un dos grupos lingüísticos:

<i>Lingua inicial declarada</i>			
<i>Antecedentes de lingua galega</i>		<i>Antecedentes de lingua portuguesa</i>	
Castelán	16 (42,1%)	Castelán	3 (5,4%)
Castelán e catalán	8 (21,0%)	Castelán e catalán	1 (1,8%)
Castelán e outra(s)	2 (5,3%)	Castelán e outras	0
Catalán	1 (2,6%)	Catalán	0
Galego	1 (2,6%)	Portugués	35 (63,6%)
Galego e castelán	4 (10,5%)	Portugués e castelán	1 (1,8%)
Galego, castelán e catalán	1 (2,6%)	Portugués, castelán e catalán	2 (3,6%)
Galego, castelán e outra	3 (7,9%)	Portugués, castelán e outra	0
Galego e catalán	0	Portugués e catalán	2 (3,6%)
Galego e outras (non cast. ou cat.)	0	Portugués e outras (non cast. ou cat)	7 (12,7%)
Outras	0	Outras	2 (3,6%)
Non declaran L1	2	Non declaran L1	2
Total	38	Total	55

Táboa 2: Lingua inicial declarada

A táboa reflicte claramente o gran desequilibrio entre os dous grupos. Mentres que un 85% do grupo con antecedentes portugueses considera o portugués unha das súas linguas iniciais (un 63%, a única), co galego non se chega a unha cuarta parte: só nove informantes.

3. O galego que se perdeu polo camiño

A maior parte dos informantes con antecedentes galegos (24 dos 38) naceu fóra de Cataluña. Porén, só 12 naceron en Galiza. Outros 12 teñen antecedentes galegos pero naceron noutros países, especialmente A Arxentina, pero tamén Andorra, Colombia, O Canadá ou Suíza. A súa situación lingüística é, previsiblemente, máis híbrida e exposta á perda do galego como lingua familiar. Como se pode ver na táboa 3, na maioría dos casos os pais son parellas mixtas, e mesmo cando non o son, non sempre o galego é a lingua que utilizan entre eles:

<i>Lingua entre proxenitores</i>	<i>Castelán</i>	<i>Galego (polo menos)</i>	<i>Castelán e outras (non catalán nin galego)</i>	
Nai e pai galegos	4	6		
Un dos proxenitores é galego	23	1		1
Ningún dos proxenitores é galego	6		1	

Táboa 3: Lugar de nacemento dos pais e lingua entre eles

Vese axiña que a presenza do galego está xa moi comprometida na xeración anterior á dos informantes. Nalgún caso dáse a situación de «un proxenitor unha lingua»: aínda que a lingua de comunicación entre os proxenitores sexa o castelán, un deles usa o galego para falar co fillo. De calquera xeito, queda claro que o proceso de substitución do galego chegoulles xa feito aos nosos informantes, sexa porque os proxenitores xa non falaban esa lingua aínda que fosen galegos, sexa porque ao tratárense de parellas mixtas o galego desaparece do uso familiar.

Finalmente, o galego non parece perderse tanto na xeración dos informantes. Dos nove que declaran telo como lingua inicial (a maior parte xunto co castelán, catalán ou outras), seis decláranas tamén como lingua de identificación exclusiva («cal é a túa lingua?»). Dos outros tres, só un considera o castelán a súa única lingua (podemos supor polo tanto que en ningún caso transmitirá o galego se as condicións non cambian moito), pero os outros dous identifícanse tamén co galego (xunto co castelán). Pola contra, dous informantes que declaran como inicial só o castelán identifícanse co galego exclusivamente (o que semella unha clara reivindicación das orixes lingüísticas, posto que é evidente que na vida cotiá falan sobre todo castelán e catalán). Tamén é evidente que das linguas locais, a identificación maior dáse co castelán. Podemos ver eses datos na táboa 4:

<i>Lingua de identificación</i>	Só galego	Galego e castelán	Só castelán	Só catalán	Castelán e catalán
Lingua inicial					
Só galego	1				
Galego e outras	3	2	1		
Só castelán	2		15	2	1
Só catalán				1	
Castelán e catalán			5	2	1
Total	6	2	21	5	2

Táboa 4: Lingua inicial e lingua de identificación dos informantes con antecedentes galegófonos

4. A transmisión do portugués

Bastante diferente é a situación con respecto aos informantes con antecedentes de lingua portuguesa. A porcentaxe de pais de informantes que falan entre eles en portugués é moito maior do que a dos galegos: entre os que só falan portugués entre eles (63,6%) e os que o falan xunto con algunha outra lingua (10,9%), alcanzan case as tres cuartas partes dos informantes. Só 11 informantes declaran que os seus pais non falan portugués na casa. Xa que logo, os matrimonios son ben máis homoxéneos que no outro grupo. Alén diso, o portugués é lingua familiar tamén en parellas mixtas: os dous informantes que declaran o catalán como lingua entre pais e dous dos que declaran o castelán son casos de «un proxenitor unha lingua», ou sexa, un dos proxenitores fala portugués co informante, a pesar de non falalo co cónxuxe.

Tamén na comparación entre lingua inicial declarada e lingua de identificación, o portugués presenta unha situación menos precaria na transmisión en situación de migración, como pode verse na táboa 5:

<i>Lingua de identificación</i>	<i>Só portugués</i>	<i>Portugués e catalán</i>	<i>Portugués e outras</i>	<i>Castelán</i>	<i>Catalán</i>
<i>Lingua inicial</i>					
Só portugués	25	3		4	2
Portugués e outras	7		1	3	
Outras (non portugués)	2			2	2

Táboa 5: Lingua inicial e lingua de identificación dos informantes con antecedentes lusófonos

A maior parte dos informantes que recibiron o portugués como lingua inicial a consideran a súa única lingua de identificación. Houbo dous deles que decidiron adoptar o catalán, e outros tres que tamén consideran esa lingua como propia, xunto co portugués. O castelán é tamén lingua de identificación única en catro casos de lingua inicial portuguesa, e non hai enquisas en que marquen como lingua propia portugués e castelán. A impresión de continuidade e de valoración positiva da herdanza lingüística portuguesa confírmase cos informantes que declaran outras linguas iniciais alén do portugués. Dos once casos, sete declaran unicamente o portugués como lingua de identificación, o que significa que, do abano dispoñible, o portugués é a que identifican como propia. Máis aínda: dous dos seis informantes que non recibiron o portugués como lingua inicial adoptárono como lingua de identificación. Coas enquisas non podemos saber se esa declaración se corresponde cos usos lingüísticos, mais considerar como «a miña lingua» unha que non se recibiu como inicial e non se fala no ámbito cotiá mostra unha adhesión simbólica forte.

5. Conclusión

Dúas variedades lingüísticas xeneticamente e tipoloxicamente próximas nun grao extremo presentan padróns ben diferentes na transmisión xeracional en situación migratoria. Dun lado, o galego herda unha situación sociolingüística complexa de orixe, no sentido de que a substitución lingüística cara ao castelán puido darse ata no propio ámbito historicamente galegofalante (como parece indicar algún caso en que o castelán é a única lingua familiar a pesar de os pais e o propio informante seren nados en Galiza). Alén diso, o lugar de nacemento dalgúns informantes indica que Cataluña non é o primeiro destino de migración. Eses dous factores xa poden contribuír a explicar a discrepancia entre a presenza do galego nas xeracións máis vellas e nos informantes, todos eles estudantes universitarios, o que non acontece no grupo portugués.

O caso concreto de galego e portugués, xa que logo, parece reforzar a idea, non contrastada polos nosos datos xerais (Comellas et al. 2017), de que o status lingüístico de orixe e as dinámicas sociolingüísticas herdadas teñen un papel na crise de transmisión en situación de migración. Está claro que o galego ten características específicas que sen dúbida actúan a favor da substitución: sobre todo o feito de os galegofalantes seren tamén competentes en castelán, lingua oficial e cunha presenza social masiva en Cataluña (e moi especialmente nas

áreas metropolitanas, de onde moitos informantes proveñen). Ese mesmo factor reforza con toda probabilidade a interrupción da transmisión das linguas amerindias.

A miña hipótese é que o caso do galego en contexto migratorio en comparación co portugués ilustra o peso das representacións na decisión de interromper a transmisión lingüística. A comunidade de orixe galegofalante en Cataluña é ben maior ca a lusofalante, polo que o illamento non parece unha causa relevante de substitución. Tampouco o status legal: certamente o galego non conta con estados oficialmente monolingües coma o portugués, pero é cooficial en Galiza e ten recoñecemento institucional.

Dito iso, tamén é verdade que os datos dispoñibles parecen apuntar cara a unha certa «recuperación» do galego na xeración universitaria, polo menos no ámbito simbólico: aínda que a maioría dos informantes mostran coherencia entre lingua inicial e lingua de identificación, nos tres casos nos que non se dá, a diferenza é a favor do galego (dous hispanofalantes que declaran galego exclusivo como lingua propia, fronte a un galegófono que declara só castelán). Está claro que non se pode facer ningunha xeneralización, pero parécese un síntoma. Sobre todo porque non acontece a mesma cousa no caso portugués.

Por outro lado, a posibilidade dunha maior sensibilidade favorable ás linguas minorizadas polo feito de ser falante dunha delas non se confirma: ningún dos nove galegofalantes iniciais declara o catalán como lingua de identificación (fronte a cinco informantes lusófonos que si se identifican co catalán, xa sexa exclusivamente ou xunto co portugués).

Referencias bibliográficas

- Comellas, P.; Junyent, M. C.; Cortès-Colomé, M.; Barrieras, M.; Fuentes-Calle, A. (2017). “La transmissió lingüística intergeneracional en espais majoritàriament catalanòfons: el cas d’estudiants al·loglots al Berguedà i les Terres de l’Ebre”. *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 27, 175-192.
- Clyne, M. (2003). *Dynamics of language contact: English and immigrant languages*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Cortès-Colomé, M.; Barrieras, M.; Comellas, P. (2016). “Changes in immigrant individuals’ language attitudes through contact with Catalan: the mirror effect”. *Language Awareness*, 25:4, 272-289.
- Houle, R. (2011). “Recent evolution of immigrant-language transmission in Canada”. *Canadian Social Trends*, 92-3. Publicado en: <<https://www.statcan.gc.ca/pub/11-008-x/2011002/article/11453-eng.htm>>. [Consultado o 4 de abril de 2018]
- Larrea, A. (2016). *Les actituds lingüístiques dels immigrants panjabis adults a Catalunya*. [Tese doutoral]. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra. Publicado en: <<http://www.tdx.cat/bitstream/handle/10803/402437/tilm.pdf?sequence=1&isAllowed=y>>. [Consultado o 5 de abril de 2018]
- Portes, A.; Hao, L. (1998). “E Pluribus Unum: Bilingualism and Loss of Language in the Second Generation”. *Sociology of Education*, 71-4, 269-294.
- Portes, A.; Schauffler, R. (1998). “Language and the Second Generation: bilingualism Yesterday and Today”. *International Migration Review*, 28-4, 640-661.